



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



DON ANTONIO CANDAL CARIDAD, SECRETARIO – INTERVENTOR DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA),

CERTIFICO:

Que o día sete de maio de dous mil quince tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local conforme ó Acta que transcrita literalmente di:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 19 DE MAIO DE 2015.

Na Casa do Concello Agolada (Pontevedra), sendo as catorce horas do día dezanove de maio de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde – Presidente, don Ramiro Varela Peón, e coa asistencia dos concelleiros: don Héctor Miguel Martínez Sanz, dona Yolanda Ferro Mourelle e dona Yolanda María Varela García; asistidos do Sr. Secretario da Corporación, don Antonio Candal Caridad, se celebra a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, pasándose seguidamente o estudo dos asuntos incluídos na Orde do día, e adoptándose os acordos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión extraordinaria celebrada o día sete de maio de dous mil quince.

2.- LICENCIAS DE OBRAS

Dáse conta do escrito número 408, de data 4 de abril de 2015, suscrito por D. José Ramón Mejuto Agra, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Reforma panteón, limpeza e aplacado exterior, sito no Cementario da parroquia de Val de Sangorza deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 7 de mayo de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



Dáse conta do escrito número 415, de data 13 de abril de 2015, suscrito por D. Luis Pallares García, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Remate en fachada exterior nunha edificación sita no Prolongación da Constitución número 11 deste Concello. Visto o Informe do técnico municipal de data 15 de mayo de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

Dáse conta do escrito número 548, de data 7 de maio de 2015, suscrito por COMUNIDAD DE PROPIETARIOS EDIFICIO PRADIÑO 30, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Impermeabilización de terraza, chimeneas e canalóns en cuberta nunha edificación sita en Calle Calvo Sotero número 30 deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 15 de mayo de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de tercelros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

Dáse conta do escrito número 450, de data 17 de abril de 2015, suscrito por D. José Méndez Currás, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Limpeza de fachada nunha vivenda sita Rúa Nova número 7 deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 15 de mayo de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de tercelros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

Dáse conta do escrito número 511, de data 30 de abril de 2015, suscrito por D. José Manuel Vales Rochas, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Cubrir con fibrocemento un pendello de 40 metros cadrados sito en Basadroa número 28 parroquia de Eidan, deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 8 de mayo de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licencia de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

3.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS BACHEOS PARA REDE VIARIA MUNICIPAL". PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 (PPOS/15).

Visto que, dada a característica da obra, se considera que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que pola Secretaría – Intervención se emitiu o informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do Orzamento vixente.

Visto que pola Secretaría – Intervención se emitiu un informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento que había que seguir e sobre o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que se redactou e achegou ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato.

Visto que A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 27 de abril de 2015, se aprobou o expediente e o prego de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras, polo procedemento negociado sen publicidade e que se procedeu a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que se solicitaron ofertas ás seguintes empresas:

- Construcciones Fernandez Sarmiento, S.A.
- Minas de Bandeira, S.A.
- Comercial Farelo, S.L.

Visto que á licitación presentáronse ofertas de dúas empresas, xa que Comercial Farelo S.L. non presentou.



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



4

Realizada a apertura do sobre B) Proposición económica, enviadas as ofertas os servizos técnicos municipais, según a proposta do aparelador municipal, clasifícanse as proposicións presentadas no seguinte orde:

1. CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A. prezo 20.396, 61 euros. Mellora ofertada: Materiais valorados en 246 €.

2. MINAS DE BANDEIRA, S.A. prezo 20.396, 61 euros. Mellora ofertada. Materiais valorados en 648, 90 €. Compromiso de entrega de materiais en 1 mes.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar definitivamente o contrato de obras denominado **"SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS BACHEOS PARA REDE VIARIA MUNICIPAL"**, polo procedemento negociado sen publicidade, á **MINAS DE BANDEIRA, S.A.** polo prezo de 20.396, 61 euros.

Segundo.- Notificar á **MINAS DE BANDEIRA, S.A.**, adxudicatario do contrato o presente acordo e requerila para que presente a fianza e os certificados de estar o corrente das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e citala para a sinatura do contrato.-

4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "PAVIMENTACION CAMIÑOS PUBLICOS EN QUINTELA, VAL E BERREDO". PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 (PPOS/15).

Vista a Resolución de concesión de axuda do PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 (PPOS/15).

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da **"PAVIMENTACION CAMIÑOS PUBLICOS EN QUINTELA, VAL E BERREDO"**.



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



SEGUNDO. Autorizar, en contía de 53.724, 76 euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación da "**PAVIMENTACION CAMIÑOS PUBLICOS EN QUINTELA, VAL E BERREDO**" por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 454.619 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2015.

TERCEIRO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de "**PAVIMENTACION CAMIÑOS PUBLICOS EN QUINTELA, VAL E BERREDO**", por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Que o órgano de contratación solicite ofertas, polo menos, a tres empresa.

5.- DESCOMPACTACIÓN CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE AGOLADA

Visto a necesidade de realizar os traballos de mantemento específico do Campo de Fútbol Municipal de Agolada, de herba sintética durante o ano 2015 para a súa boa conservación e bo estado.

Vistos os orzamentos presentados por diferentes empresas para realizar ditos traballos.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda aprobar a realización de ditos traballos a través da empresa MECANO SPORT, S.L.

6º- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "INSTALACIONES E REVESTIMENTOS INTERIORES NO EDIFICIO DE USOS MULTIPLES". AMPLIACIÓN PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 (PPOS/15).

Vista a Resolución de concesión de axuda do PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015 (PPOS/15).

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da "**INSTALACIONES E REVESTIMENTOS INTERIORES NO EDIFICIO DE USOS MULTIPLES**".



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



SEGUNDO. Autorizar, en contía de 128.831, 53 euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación da **"INSTALACIONES E REVESTIMENTOS INTERIORES NO EDIFICIO DE USOS MULTIPLES"** por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 459.609 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2015.

TERCEIRO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de **"INSTALACIONES E REVESTIMENTOS INTERIORES NO EDIFICIO DE USOS MULTIPLES"**, por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Que o órgano de contratación solicite ofertas, polo menos, a tres empresa.

7º- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "ALBAÑILERIA INTERIOR NO EDIFICIO DE USOS MULTIPLES". AMPLIACIÓN PLAN URXENTE DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS PARA O ANO 2014. (PUSIM/14).

Visto o expediente tramitado para **ALBAÑILERIA INTERIOR NO EDIFICIO DE USOS MULTIPLES.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co dispositivo no artigo 110 do RealDecreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación.

Segundo.- Adjudicar o contrato a empresa DICSA (DECORACIÓN, INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES, S.A.U.) con CIF A-36.011.047.

Terceiro.- Aprobar o gasto, polo importe total de 30.000 euros, con cargo a partida 0.2015.459.609, do Estado de Gastos do Presuposto 2015, nivel de vinculación xurídico Área de Gasto 4, Capitulo VI."



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



**8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS
NON EXISTEN.**

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde - Presidente levántese a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta minutos, asinando a presente acta e, eu como Secretario, certifico.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde - Presidente, en Agolada a dezanove de maio de dous mil quince.

Vº.Bº. O Alcalde,

O secretario,